



Raquel Fernández: "O protagonista deste libro é unha amalgama de todos os nenos con TDAH que coñecín"

22 de outubro de 2024

<https://www.xerais.gal/noticia/raquel-fernandez--o-protagonista-deste-libro-e-unha-amalgama-de-todos-os-nenos-con-tdah-que-conecin/>

O acoso escolar é un dos temas principais desta novela, que pon o foco non só nos compañeiros de aula, senón tamén nos adultos. Que importancia tiña para ti ese retrato do maltrato ao diferente que opera de maneira tan complexa?

Esta maneira de narrar os feitos nace do convencemento pola miña parte de que os actores dun acoso non son só acosador e vítima. O acoso escolar é un problema máis incrustado e xeral, polo tanto, moi complicado de erradicar. O contorno adulto, tanto familiar como escolar, ten moito que ver nestas situacións tan complexas. Os nenos, a miúdo, reproducen comportamentos que aprenden nos seus fogares. Á vez, o profesorado non sempre está preparado para afrontar estes casos, en ocasións minimízaos ou normalízaos porque é o máis cómodo.

Isma é o protagonista da historia. Como construíches este personaxe?

Isma é unha amalgama de todos os nenos con TDAH que coñecín dende que diagnosticaron o meu fillo. E, como todos os nenos co trastorno, pode parecer un pouco pesado e ata molesto, pero, se te paras a coñecelo con profundidade, topas cun neno extremadamente intelixente e empático que só intenta encaixar. Paga a pena facer o esforzo de coñecer estes nenos, teñen moito que dar.

O xurado destacou as referencias a videoxogos ou cómics que fai o texto, moi próximo ao lectorado adolescente. Cales foron as estratexias que empregaches para conectar co público novo?

Levo dez anos convivindo con adolescentes na miña casa. Coñezo a súa linguaxe e as cousas que lles interesan. Meus fillos lévanse sete anos entre eles, cando un saía da adolescencia entrou o outro, así que eles mantéñenme ao día. Ademais, cando xurdían dúbidas, con preguntarlle ao meu fillo xa solucionaba a papeleta. El foi o meu asesor principal.

Que significa para ti gañar o Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil?

Esta é a miña segunda novela que sae á rúa en menos dun ano. Polo tanto, o de publicar é algo moi novo para min, e o Jules Verne pon o meu nome a carón dunha editorial e duns autores que levo lendo e admirando toda a vida. O meu orgullo non pode ser maior. Este premio empúrrame e dáme a confianza suficiente para seguir escribindo. Pola miña parte non podo estarlle máis agradecida ao xurado.

